



## Programación Docente de ORQUESTRA I-VIII

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

### 1. Identificación e contextualización

#### DISCIPLINA ORQUESTRA

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	ICPRB
CARÁCTER	B) Obrigatoria								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO	MÚSICA ANTIGA								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	RAFAEL MUÑOZ RODRÍGUEZ
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	RAFAEL MUÑOZ RODRÍGUEZ
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	1,5
ETCS/ CUADRIMESTRE	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	RAFAEL MUÑOZ RODRÍGUEZ								VENRES 10:30-11:30	

### 2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Práctica nos distintos tipos de agrupacións orquestrais barrocas. Afondamento nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do/a director e o concertino, e a integración no conxunto e os criterios interpretativos historicamente informados, a través dunha aproximación aos diferentes estilos do repertorio orquestral barroco segundo a época e a nación.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Requírese estar matriculado no curso correspondente
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Baixo continuo, Conxunto
TRANSVERSAIS	7, 9, 10, 13
XERAIS	2, 3, 7, 8
ESPECÍFICAS	3, 4, 5, 7, 8, 9, 10

### 3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar a práctica orquestral como un proceso de aprendizaxe imprescindible para a formación íntegra do intérprete.	TODAS
Cóñecer e manexar correctamente as indicacións máis comúns de dinámica, agónica, fraseo, articulación, etc aplicándoas conforme ós diferentes estilos barrocos segundo o período e a nación.	
Adquirir a destreza instrumental necesaria para facer fronte ás esixencias do repertorio traballado	
Desenvolver a lectura a primeira vista co fin de permitir a montaxe fluída das obras de dificultade acorde ao curso	
Adquirir un hábito de estudo individual previo á clase que permita un aproveitamento efectivo do tempo lectivo	

### 4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
A técnica instrumental ao servizo da música de conxunto	Afinación, empaste, precisión rítmica, control do pulso, relaxación, articulación, fraseo, dinámica, agónica, repentización, as anacrusas. A ornamentación escrita e a improvisada.	TODAS
A práctica orquestral como formación profesional	Reacción e comprensión ante os diferentes xestos do director e do concertino. Análise e interpretación de obras do repertorio orquestral de diferentes períodos e estilos do Barroco. O concepto de estilo e a súa aplicación á interpretación. A autocritica como medio indispensable para a superación. O son individual e o son orquestral	TODAS
O traballo en equipo	Traballo gradual do repertorio instrumental. O traballo coa xeneración e a xestión das enerxías grupais. Elección e crítica de versións. Traballo da tímbrica e o empaste. Emprego de distintos recursos técnicos para conseguir distintos efectos no mesmo fragmento. Desenvolvemento da capacidade auditiva para permitir o autocontrol permanente da afinación dentro do conxunto. A afinación dos diferentes tipos de acorde, a súa natureza e estrutura e dos diferentes temperamentos históricos.. Os planos sonoros e o seu adecuado equilibrio. Os xestos básicos de dirección. A preparación das actuacións públicas.	TODAS
Os hábitos de conducta propios da actividade orquestral	A puntualidade. O respecto ao traballo en equipo, aos compañeiros e a o/a director/a. O silencio como marco imprescindible para o traballo orquestral. Regras xerais e protocolo de escena. O coidado do material. A curiosidade por adquirir a maior información posible. A actitude positiva, autocritica e activa nos ensaios e concertos. Adquisición progresiva de seguridade persoal no exercicio da práctica orquestral e na adaptación ao empaste e cor do grupo.	TODAS
		TODAS

		Total de sesións por cuatrimestre	
<b>5. Metodoloxía e Planificación Docente</b>			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Ensaio e concertos	49		49
traballo persoal		56	56
Total de sesións por cuatrimestre			105
<b>6. Avaliación</b>			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>ORDINARIA</b>			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Ficha de seguemento e de faltas	Rexistro nunha ficha da efectividade do plan de estudio do/a alumno/a, do progreso e dos problemas que xurdan. Observación diaria da actitude, traballo e evolución do/a alumno/a. Rexistro das faltas de asistencia e de puntualidade ás sesións.	TODAS	40%
Audición pública	Valoración do resultado colectivo das audicións e concertos públicos realizados durante o cuatrimestre. Valoración da actitud, esforzo e aportación individual de cada alumno/a.	TODAS	60%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Ficha de seguemento e de faltas	Rexistro nunha ficha da efectividade do plan de estudio do/a alumno/a, do progreso e dos problemas que xurdan. Observación diaria da actitude, traballo e evolución do/a alumno/a. Rexistro das faltas de asistencia e de puntualidade ás sesións.	TODAS	40%
Audición pública	Valoración do resultado colectivo das audicións e concertos públicos realizados durante o cuatrimestre. Valoración da actitud, esforzo e aportación individual de cada alumno/a.	TODAS	60%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
ver avaliación extraordinaria	ver avaliación extraordinaria		
<b>EXTRAORDINARIA</b>			
Audición pública. Lectura a primeira vista .	Interpretación individualmente ou seccionalmente das obras orquestrais propostas para o curso.Lectura a primeira vista de fragmentos orquestrais dun nivel adecuado.	TODAS	80%
Traballo escrito	Entrega dun traballo escrito que versará sobre algunhas das obras propostas no curso, autor, análise ormal, harmónico e estilístico. O tema concreto deberá ser consensuado co/a director/a da Orquestra	TODAS	20%
<b>ERASMUS</b>			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.			
<b>7. Alumnado con necesidades educativas especiais</b>			
DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS		
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.		
<b>8. Bibliografía, materiais e documentos</b>			